

Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS VINCULADAS A ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO NO CONCELLO DE BUEU

Expediente: 1249/2022

Procedemento: Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Código SIA: 1441036

Asunto: Aprobación da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas vinculadas a establecementos abertos ao público no concello de Bueu

Unidade Xestora: Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais

Documento: Anuncio

Tramite: Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas vinculadas a establecementos abertos ao público no concello de Bueu

ANUNCIO

O Pleno da corporación municipal deste concello, en sesión ordinaria celebrada o 5 de Decembro de 2022, adoptou o acordo de aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas vinculadas a establecementos abertos ao público no concello de Bueu.

O que se fai público a efectos de someter a ordenanza a información pública polo prazo de TRINTA DÍAS a efectos do seu exame polos interesados e da presentación das suxestións e reclamacións que consideren oportunas, indicando que o expediente se atopa a disposición dos interesados, no departamento de Administración Xeral-Unidade de Secretaría Servizos Xerais do Concello de Bueu en horario de 9 a 13 de Luns a Venres.

Asemade se informa que a consulta do texto íntegro da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas vinculadas a establecementos abertos ao público no concello de Bueu pode realizarse accedendo a seguinte ligazón <https://bueu.sedelectronica.gal/transparency/da6cd6f4-16e9-4098-bea3-35031330caa7/> a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

No suposto de non presentación de suxestións ou reclamacións no prazo de 30 días, a contar dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do anuncio no BOPPO, entenderase definitivamente aprobado procedéndose á publicación do texto íntegro da ordenanza no BOPPO, no taboleiro de anuncios do concello e, no portal de transparencia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

